

GARABATOS CENTRO DE OCIO



"O noso mellor medio de promoción é o boca oído"

Mónica Martínez Villar / Mari Carmen Romero González

Datos básicos

Actividade:	Parque Infantil
Sector de actividade	Servizos de limpeza, atención doméstica, terceira idade e nenos
Nº empregados	2
Inversión inicial	80.000 €
Financiamento inicial:	A través de préstamos bancarios.
Web:	www.conocegalicia.com/garabatos
Municipio:	A Coruña, A Coruña
Ano creación:	2006

Descrición do proxecto

Centro de lecer que se dedica ao coidado e entretemento dos nenos con idades comprendidas entre os dous e os 10 anos.

Nel realízanse diversas actividades de animación dirixidas ós nenos, intentando que a súa estancia sexa o máis satisfactoria posible.

Entre os nosos servizos, cabe destacar a realización de celebracións de aniversario e toda clase de festas infantís.



Datos empresa

Claves do éxito

O éxito na nosa empresa atribúese basicamente á satisfacción dos pais.

A publicidade que fan os propios pais contando as súas boas experiencias a través do boca a boca, é un dos mellores factores que levan ao éxito o desenvolvemento e crecemento do centro de lecer.

A flexibilidade é un factor moi importante porque tratamos de adaptarnos ao que os papás queren. Pretendemos darlles o que eles demanden.

Situación actual

A situación actual é positiva, cada vez somos máis coñecidas, acoden máis nenos, en vacacións temos un horario máis amplo, celebramos máis cumpreanos e festas infantís.

Pese á xuventude da empresa estamos crescendo, pero dunha forma lenta, de momento as ganancias que se obteñen estanse investindo continuamente na propia empresa, para comprar máis material, xoguetes, publicidade, etc.

Perfil cliente

Os nosos servizos están dirixidos a nenos de dous a dez anos cuxa xornada escolar termina antes que a dos seus papás. Moitos deles acoden ao centro unha vez saen do colexio, e merendan e xogan aquí ata que os veñen a recoller.



Idea inicial

A idea xorde porque víamos unha necesidade nos papás que tiñan nenos que non acudían á gardería e que en vacacións escolares non tiñan con quen deixalos. Víamos a demanda e motivounos.

Principales dificultades y amenazas futuras

Tiñamos unha data prevista para comezar a nosa actividade no centro de lecer, pero debido a un atraso na realización da obra por parte do promotor da mesma, vímonos obrigadas a retrasar a inauguración do centro.

Perfil promotores

Ambas son técnico Superior de Xardín e Infancia, traballaban xuntas nunha gardería. Mónica aporta unha experiencia de catro anos no sector e Mari Carmen de máis de oito.

Aptitudes necesarias

Para emprender con éxito este proxecto hai que ser moi positiva. A experiencia que posúas e ser coñecida polos pais é moi importante para que depositen a súa confianza en ti e poder alcanzar o éxito.



Guía de Actividad

Parque Infantil (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

A independencia que proporciona

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Non.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desarrollar con éxito un proxecto empresarial?

A formación específica é necesaria para orientar che dos pasos que debes levar, solicitar permisos, licenzas. Deberíase orientar nas pautas a seguir para crear unha empresa.

Anecdotario

Non dispoñible.

